

A PALABRA na celebración 3 º Dom. Adv. A.

- **ISAÍAS 35, 1-6a. 10: *Deus vén en persoa e vaivos salvar.***

O deserto e o ermo exultarán, alegrarase a estepa e florecerá, xermolará e florecerá como flor de narciso, festexará con gozo e cantos de xúbilo. Foille dada a gloria do Líbano, o esplendor do Carmelo e do Sarón.

Contemplan a gloria do Señor, a maxestade do noso Deus. Fortalecede as mans débiles, afianzade os xeonllos vacilantes; dicide aos inquedos: «Sede fortes, non temades. Velaquí o voso Deus! Chega o desquite, a retribución de Deus. Vén en persoa e vaivos salvar».

Entón se despegarán os ollos dos cegos, os oídos dos xordos abriranse; entón saltará o collo como un cervo. Retornan os rescatados do Señor. Chegarán a Sión con cantos de xúbilo: alegría sen límite nos seus rostros. Domínanos o gozo e a alegría. Quedan atrás a pena e a aflición. *Palabra do Señor.*

- **SAL. 145: R/. *Ven, Señor, salvarnos.***
- **ROMANOS 5, 7-10: *Mantédevos firmes, porque a vinda do Señor está cerca.***

• **SAN MATEU 3, 1-12:** *Convertédevos, porque está cerca o reino.*

Narrador: Naquel tempo, Xoán, que oíra no cárcere as obras do Mesías, mandou os seu discípulos a preguntarlle:

Discípulos: - *«Es ti o que ha de vir ou temos que esperar a outro?».*

Narrador: Xesús respondeulles:

Xesús: - *«Ide anunciar a Xoán o que estades vendo e oíndo: os cegos ven, e os coxos andan; os leprosos quedan limpos e os xordos oen; os mortos resucitan e os pobres son evanxelizados. E benaventurado o que non se escandalice de min!».*

Narrador: Ao irse eles, Xesús púxose a falar á xente sobre Xoán:

Xesús: - *«Que saístes a contemplar no deserto, unha cana sacudida polo vento? Ou qur saístes a ver, un home vestido con luxo? Mirade, os que visten con luxo habitan nos palacios. Entón, a que saístes?, a ver un profeta? So, dígovos, e máis que profeta. Este é de quen está escrito:*

Escritura: - "Eu envío o meu mensaxeiro diante de ti, o cal preparará o teu camiño diante túa".

Xesús: - *En verdade vos digo que non naceu de muller un máis grande que Xoán o Bautista; aínda que o máis pequeno no reino dos ceos é máis grande ca el».*

Palabra do Señor.

Ideas para unha posible homilía de eucaristía con familias

DEUS VÉN á túa vida. Sé alegre, comparte!

1. Ver: O ADN de Xesús

- Hoxe falamos moito do **ADN** das persoas, o que nos identifica ...
- Tamén se fala do **DNI**: Nomes... Fillo de... Pais... Nado en... Profesión... Son as nosas raíces, a nosa identidade... Inventádevos o ADN ou DNI de Xesús.

Que poñeríades na ficha de Xesús?

2. XULGAR: A identidade dos que o seguimos

- + No evanxeo deste domingo preguntan a **Xesús quen é, a súa identidade**: - «*Es ti o que ha de vir ou temos que esperar a outro?*» *Quen es?* - **Xesús responde**: "*os cegos ven, e os inválidos andan; os leprosos quedan limpos, e os xordos oen; os mortos resucitan, e aos pobres anúnciaselles o Evanxeo*". **Non dá un discurso de palabras bonitas, predica coas obras: isto é o que fago, isto é o que son**: sando, salvo, curo, limpo, libero, dou vida, alegre a vida dos pobres...

+ QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- **Hoxe escoitamos a mensaxe de MARÍA** que, chea de ledicia contesta ao anxo: "*Fágase tal como ti dis*" e a de **Xesús que** quiere que digan o que Xesús fai polos que sofren (comparte, busca solución aos problemas alleos anuncia e constrúe o reino).
- Neste 3º domingo Xesús dinos que **A IDENTIDADE dos que seguimos a Xesús debe ser a ALEGRÍA e o COMPARTIR.**
- * **A ALEGRÍA... Por que?** A nosa alegría abrolla de ter a Xesús, de sabernos salvados e sandados por el. Con el é posible ver, andar, quedar limpos, oír, resucitar...

* **O COMPARTIR...** Por que? Porque se queremos ser coma el, o camiño é compartir, sandar, curar, limpar... A nosa comunidade debe ser tamén **unha comunidade curadora** (próxima aos que sofren, atenta aos enfermos, consoladora, asistencial, de promover melloras...), **máis dos pobres...** (Francisco: "*como me gustaría unha Igrexa pobre e para os pobres*").

Como vivir a ledicia do evanxeo? Que podemos compartir?

3. ACTUAR: Sé alegre, comparte

- **Acendemos a 3ª vela e vemos como podemos vivir mellor a ledicia** do evanxeo e contaxiala a outros neste Nadal cantando panxoliñas e sementando estrelas polas rúas.
- **Escribimos** cada un o nome de dúas persoas que necesiten da túa ledicia ou da túa axuda ao teu redor.
- **Organizamos a campaña solidaria de Nadal** compartindo xoguetes, alimentos, diñeiro... Convén preparalo con Cáritas.
- **Preparamos** panxoliñas, belén, belén vivente...
- **Para as ofrendas**, traballando a ledicia, poderíase pedir a cada neno que debuxase o seu rostro riseiro e o colocase nun cartel e alguén lese: "Ofrecemos o noso sorriso como sinal da ledicia polo nacemento de Xesús en Belén".